

## Marco Medieval de Porto de Lampai



Imaxe: Megalítica


### Descripción

O rei Afonso VII doou un enorme terreo no ano 1156 a un descoñecido plebeo, non nobre, de nome Sancho Eanes. O terreo tiña 22 hectáreas nunha das zonas más ricas e poboadas do Reino de Galicia, limitado por unha serie de marcos que conforman unha finca medieval. O Marco do Porto Lampai delimita polo oeste dita finca, coa función de marco da antiga vila medieval do Pedrouso (Teo). É de forma triangular e está gravado nas tres caras, aínda que o musgo está a facer o seu implacable traballo desgastántoa. Na súa inscrición pódese ler o seguinte: “*Era MCXCVI et quotum I kalendas septemberis cum auctoritatem imperatoris et omnibus intervinientibus patronim statuit*”. Que quere dicir: “Ano 1156 no primeiro día das calendas de setembro coa autoridade do Emperador e de tódolos asistentes poño este pedrón”.

Existen imaxes deste marco medieval nos anos 30 do século pasado, cando se pensaba que era un miliario, publicadas en varios números da revista *Unión de Teo y Vedra*. No 2001 foi cando F. Alsina e posteriormente os Guitián dan a coñecer a súa verdadeira función como marco da antiga vila medieval do Pedrouso (Teo).

<b>INFORMACIÓN</b>	
<b>TIPOLOXÍA</b>	Arqueoloxía
<b>CRONOLOXÍA</b>	1156
<b>CONCELLO</b>	Padrón
<b>PARROQUIA</b>	Santa María de Cruces
<b>REFERENCIAS</b>	<p>Patrimonio Galego  <a href="http://patrimoniogalego.net/index.php/9894/2011/11/marco-do-couto-de-lampai-marco-1/">(http://patrimoniogalego.net/index.php/9894/2011/11/marco-do-couto-de-lampai-marco-1/)</a></p> <p>Cultura Galega  <a href="http://culturagalega.gal/noticia.php?id=513">(<a href="http://culturagalega.gal/noticia.php?id=513">http://culturagalega.gal/noticia.php?id=513</a>)</a></p> <p>Guitián Castromil, J. Un acoutamento medieval na comarca compostela. Anuario Brigantino, 2001  <a href="https://www.academia.edu/1276783/Un_acoutamento_medieval_na_comarca_compostela%C3%A1?fbclid=IwAR3OcdP98J65OBqZmCGek0PBA4-GJvldicDW2nt0zzRTA14xXQmUn241k">(<a href="https://www.academia.edu/1276783/Un_acoutamento_medieval_na_comarca_compostela%C3%A1?fbclid=IwAR3OcdP98J65OBqZmCGek0PBA4-GJvldicDW2nt0zzRTA14xXQmUn241k">https://www.academia.edu/1276783/Un_acoutamento_medieval_na_comarca_compostela%C3%A1?fbclid=IwAR3OcdP98J65OBqZmCGek0PBA4-GJvldicDW2nt0zzRTA14xXQmUn241k</a>)</a></p> <p>Colectivo A Rula  <a href="https://colectivoarula.com/2020/05/19/as-primeiras-letras-teenses/">(<a href="https://colectivoarula.com/2020/05/19/as-primeiras-letras-teenses/">https://colectivoarula.com/2020/05/19/as-primeiras-letras-teenses/</a>)</a></p>

<b>XEOLOCALIZACIÓN</b>	
<b>COORDENADAS</b>	42.777197253191 , -8.626109791704
<b>IMAXE CAPTURA GIS</b>	



\* Información obtida da páxina web [obaixoulla.gal](http://obaixoulla.gal). Xeolocalización a partir da información de [mapas.xunta.gal](http://mapas.xunta.gal).